A utilización escasa destas ferramentas pode deberse ao estado de pánico moral que se creou nos últimos anos a respecto do detrimento das habilidades para a escrita e a lectura das novas xeracións por causa das tecnoloxías; no entanto, o certo é que os estudos máis recentes (ThurLOW, 2006, Castro, 2008, Crystal, 2011, Cassany, 2012) sinalan que o medio electrónico non entorpece, senón que favorece inmenso o contacto do alumnado actual coa escrita e coa lectura e reivindicando a funcionalidade didáctica deste soporte. Mais a súa rendibilidade tamén pode ser trasladada a outros ámbitos: desde unha

óptica literaria, o libro impreso continúa a ser a día de hoxe o preferido pola maioría dos lectores, o que se debe máis a unha implicación emocional do que funcional. Porén, son moitas as persoas que acceden ás obras literarias desde a esfera dixital, non só a través do libro electrónico (recurso dixitalizado), mais tamén a través doutros moldes como o audiovisual e o multimedia (recursos dixitais) que se converten en estratexias moi atractivas para incitarnos no alumnado o gusto pola literatura. Entre estas posibilidades destacan as páxinas web que funcionan como bibliotecas virtuais, que nos permiten acceder aos textos literarios de múltiples autores, de forma similar ao que acontece nos espazos físicos de consulta, mais onde tamén temos ao noso dispor moito outro material: audios onde os escritores recitan os seus textos, vídeos en que son entrevistados sobre unha determinada obra ou sobre a súa actividade literaria, etc. Nalgúns casos, mesmo se nos ofrece a posibilidade de contactarmos persoalmente coa persoa en cuestión, ben a través de correo electrónico ou ben das redes sociais, onde non só podemos seguir máis de preto a súa actividade cultural, mais tamén a súa traxectoria vital. Para a literatura galega, destaca a Biblioteca Virtual Galega (BVG) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que nos permiten coñecer a actualidade literaria do país desde múltiples perspectivas.

Os recursos para a adquisición de material literario dos centros é limitado e en ocasións o alumnado non conta cunha oferta que satisfaga os seus gustos persoais a respecto da autoría ou do xénero literario e obrígaos a ler textos que acaban por crearlle animadversión pola lectura. A rede, porén, sitúase no lado oposto e concede á persoa lectora a oportunidade de acceder a diversos estilos e de definir aqueles que máis lle interesan. Igualmente, desde a esfera da escrita, tamén ofrece aos escritores noveis diversos espazos para a creación literaria e para a retroalimentación. Neste sentido, a BVG dispón dunha sección para escritores novos onde calquera pode enviar as súas creacións e é o propio usuariado da web quen as valora e as comenta. Tamén neste punto, as redes sociais viran espazos de visibilidade literaria, tanto de novidades editoriais, como das obras máis clásicas. Así, é moi habitual encontrarmos nos muros do usuariado de Facebook e de Twitter textos poéticos ou fragmentos narrativos que, nalgúns casos, alcanzan unha grande difusión ao seren partillados ou retuiteados por outras persoas, entre elas o noso alumnado.

De igual modo, a música é outro formato moi suxestivo para introducir os textos literarios desde outra perspectiva (Escobar Martínez, 2010): moitos cantautores e grupos musicais versionan os poemas dos clásicos para lles outorgar un aire fresco e estimulante ao revestilos con ritmos suxerentes, desde os máis clásicos como a balada ou o fado, até outros máis modernos como o

rap, o hip hop ou o rock. No ámbito galego destacan grupos galegos como *Dios ke te crew*, *Fuxan os ventos* ou *Astarot* e cantantes como *Sés*, *María do Ceo*, ou *Luz Casal*, que musicaron poemas de personalidades emblemáticas do mundo literario como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Castelao ou Celso Emilio Ferreiro. Trátase, en síntese dunha aproximación diferente á escrita, á lectura e ás obras literarias, moito máis completa, dinámica e interactiva e, nese sentido, moito máis atractiva para o noso alumnado.

2.2. A innovación ontolóxica: novos códigos, novas aproximacións

A renovación metodolóxica non pode ficar reducida a unha mudanza nos procedementos que se limite a traballar competencias tradicionais cunha horma diferente ou máis moderna. Esta é tan só unha parte, e nin sempre a máis significativa. Como apuntamos na epígrafe introdutoria, non se trata só dunha transformación tecnolóxica, mais tamén social e, por tanto, as repercusións non se limitan a cuestións técnicas ou estruturais, mais afectan todas as áreas. Así, o aparecemento das TIC non só permitiu crear recursos e ferramentas didácticas para o ámbito da lingua e da literatura (véxase 2.1), máis tamén propiciou o desenvolvemento de novos códigos e de novos xéneros cuxa proxección excede as ditas esferas. Por esta razón, xulgamos pertinente incluír estas novas modalidades discursivas nos planos de estudo das materias de lingua e literatura, porque son perfectamente válidas para reflectirmos sobre estes ámbitos e porque, ademais, dan resposta a prácticas reais que se producen na sociedade e, sobre todo, entre a faixa etaria do noso alumnado. Noutras palabras, é preciso ponderarmos os vínculos entre a reflexión en lingua e literatura e o contexto sociocultural de hoxe en día para que o estudantado se interese e participe e para que as competencias educativas se correspondan coas súas necesidades sociais (Mosquera Castro, 2013: 7).

Na opinión de Soler-Espiauba (2001: 73), a aparición destas novas linguaxes constitúe tamén para o profesorado un estímulo nun momento en que este colectivo comezaba a dubidar da integridade intelectual de continuar a ensinar *como se redixe unha carta*, entre outros contidos obsoletos presentes nas programacións didácticas. Neste momento, Internet proporciona un contorno in mellorable para achegar o mundo da aula á realidade das formas de expresión e de comunicación actuais. No tocante á lingua, o soporte electrónico supuxo unha transformación radical na comunicación escrita. A día de hoxe visitar a rede, entrar nun chat, participar en foros de debate, enviar correos electrónicos ou interaxir por medio de mensaxes instantáneas, como Line, Whatsapp ou Galegram, constitúen actividades diarias que afectan toda a poboación –mais

que causan furor entre os máis novos– e que xeran novas modalidades textuais e novas linguaxes que exixen de estudo por parte da comunidade lingüística, do mesmo modo que no seu momento o tiveron outras como a carta, actualmente en desuso, ou mesmo o telegrama, totalmente difunto (Domínguez Cuesta, 2005: 65). Ao noso parecer, é preciso integralas no marco das aulas e tratar de lles tirar o máximo rendemento desde un punto de vista pedagóxico.

Achegarmos este tipo de textos á aula presenta múltiples beneficios: primeiramente, serve para concienciar o alumnado da vitalidade da lingua, que é quen de se adaptar aos novos contextos de uso e ás novas necesidades dos seus utentes e para este se decatara da utilidade dos coñecementos adquiridos na escola, pois con frecuencia o estudantado sente que os contidos que alí aprende non teñen nada que ver co mundo existente fóra das aulas. Igualmente, aproveitarmos esta realidade permite facer pensar e entender o funcionamento das linguas en todos os seus aspectos: os elementos do proceso comunicativo, os distintos rexistros da lingua e as súas modalidades (gráfica, oral e electrónica), a conveniencia de adaptar as mensaxes á situación en que se producen e ao tipo de destinatarios etc. Trátase de que o profesorado transmita a idea de que “a lingua arranja varias estratexias de comunicación e todas esas estratexias son “nobres”. Se non no aspecto literario e normativo, en múltiples outros aspectos” (Teixeira, 2003). En segundo lugar, redixirmos unha mensaxe de texto ou interaxirmos nun chat tamén favorece o perfeccionamento de técnicas como a do resumo e de destrezas lingüísticas que delimiten o tema principal e que desboten o resto, xa que se trata de aplicacións onde as restricións espaciais e temporais exixen comunicacións rápidas e breves que expresen a maior cantidade de información no menor número de caracteres. Mais para alén da brevidade, estes códigos tamén se caracterizan pola expresividade, de modo que podemos igualmente traballar con eles elementos de escrita creativa e inclusive trasladarnos á esfera literaria. Así as cousas, entre as actividades que poden ter unha explotación didáctica nas aulas de lingua podemos destacar as seguintes^[2]:

- i) A síntese e a interpretación de textos, isto é, transformar un discurso extenso nunha SMS ou nun tweet permite ao estudantado interpretar correctamente o tema do texto e distinguir o argumento principal e o secundario e ademais potencia a comprensión e a expresión escrita.
- ii) A expansión e as cuestións sintácticas, quere dicir o fenómeno contrario: este tipo de textos simplifican e eliminan elementos imprescindibles

2 Para esta clasificación seguimos o esquema enunciado en Mosquera Castro (2013:30-33).

para unha interacción oral (artigos, preposicións, conxuncións etc.); a súa recuperación favorece a reflexión sobre conceptos como coherencia, cohesión, gramaticalidade e sobre disciplinas como a morfosintaxe.

- iii) A tipoloxía textual: traballar con estas novas modalidades textuais e cos seus códigos permite observar as similitudes e as diferenzas entre os diversos discursos e mellorar a competencia lingüística do alumnado: transformar unha carta nun correo electrónico, nunha mensaxe de texto ou nun poema etc.
- iv) A variación e as propiedades textuais: utilizar mostras de comunicación non formais e non só textos en lingua estándar contribúe para que o estudantado coñeza diversos rexistros e as súas características e para que redixa textos coherentes e apropiados en relación ao contexto.
- v) A ortografía e a fonética: a simplificación da correspondencia fonema / letra, a elisión de vogais e o uso de símbolos e de números con valor fonolóxico son algúns dos recursos máis significativos da nova linguaxe dixital que envolven estas dúas esferas lingüísticas; a súa reconstrución á modalidade estándar outorga unha oportunidade excelente para razoar sobre a arbitrariedade dos signos e sobre a necesidade dunha norma.
- vi) A historia da escrita: a modalidade lingüística utilizada no chat, nas mensaxes de texto ou nas redes sociais tamén posibilitan estudarmos as etapas do código gráfico, xa que presenta trazos propios doutras fases, como a escrita pictórica ou os hieróglifos. Quere dicir, a linguaxe dos chats e dos SMS conforma un medio lúdico e actual de nos aproximarnos a estes estadios da escrita e de os completarmos estudándonos tamén as propiedades do discurso electrónico que conforman a fase máis recente da dita historia.
- vii) Debates: as opinións xeradas a respecto deste fenómeno lingüístico e que tanta polémica suscitaron fomentan a discusión nas aulas, xa que neste punto o alumnado é parte protagonista e os seus argumentos serán relevantes e a súa motivación para participar moito maior.
- viii) Creatividade: estas modalidades textuais permiten incrementar a experimentación lingüística do estudantado, xa que ao teren limitacións espaciais e temporais o usuariado inxenia diversas estratexias lingüísticas que lle permiten ser expresivo ao tempo que conciso^[3]. Neste sentido, poderíamos realizar actividades en que se premiase a mensaxe máis orixinal, a máis poética, a máis romántica etc.

3 Para aprofundar no tipo de estratexias lingüísticas que caracterizan este sistema gráfico véxase Mosquera Castro (2012).

As apresentadas anteriormente son algunhas das múltiples posibilidades que ofrecen estes códigos para traballar nas aulas de lingua e desenvolver ou perfeccionar as competencias lingüísticas e comunicativas do noso alumnado. No entanto, a aparición de novas modalidades discursivas que se produce na Rede non se limita á esfera lingüística; o ámbito literario tampouco escapa a esta tendencia e nos últimos tempos están a xurdir novos xéneros literarios favorecidos pola combinación da compoñente multimedia e hipertextual do soporte dixital e da creatividade e do espírito colaborativo dos escritores e das escritoras. E na liña do sinalado para a lingua, xulgamos que para alén de estudarmos a literatura auxiliándonos das oportunidades que nos concede o contexto electrónico, debemos igualmente aproximarnos desde as aulas destes novos xéneros e tendencias literarias que, nun futuro non moi afastado, deberán entrar a formar parte, xunto cos seus autores, da historia da literatura. Outrosí, a súa propia natureza torna estas manifestacións en recursos atractivos para incentivar a capacidade creativa e as aptitudes literarias do noso alumnado, debido á súa proximidade coas prácticas vernáculos que realizan no medio dixital. De facto, os grupos de idade máis novos desenvolveron tamén algún dos xéneros literarios en liña de maior suceso.

O *fan-fic* ou a ficción-manía é un dos máis populares entre a mocidade, mais non só, e baséase fundamentalmente na creación dunha obra nova (secuela, precuela etc.) que reproduce o universo literario dunha novela ou dun filme coñecido que, por súa vez, pode ser lido, comentado e mesmo reelaborado polo público aficionado. A este respecto, cómpre destacarmos aquelas que parten de sagas como a de *Lord of the Rings* ou a de *Star Trek*. Os/as autores/as deste xénero deseñan novas aventuras e, ao tempo que incorporan elementos do orixinal, como as personaxes ou o ambiente, tamén introducen novidades. Inclusive se producen cruces ou mesturas de personaxes de diversas fontes, o que en terminoloxía fan-fic se denomina *crossover*. De acordo con Cassany (2012: 99), este xénero abarca graos de elaboración textual moi diferentes, desde a aparición isolada dunha personaxe secundaria até a recreación, a imitación ou a parodia do mundo literario completo dunha obra. A vitalidade e a creatividade destes xéneros entre a comunidade virtual de usuarios/as fica patente na cantidade de textos, na diversidade das tramas e na existencia de traducións ou adaptacións dunha lingua para outra.

A *historia realista* é tamén outro dos xéneros xuvenís máis cultivado e está composto por narracións breves de natureza autobiográfica que recrean feitos e lugares reais combinados cun alto grao de inventiva. Con frecuencia estamos perante relatos dialogados, en que se utiliza un léxico coloquial e onde se aproveitan tamén os novos códigos gráficos dixitais para enfatizar as

emocións. Á diferenza do fan-fic, que circula por páxinas web públicas e cunha audiencia moi numerosa, este xénero ten un carácter local e móvese en círculos pechados, motivo porque non se lle concedeu tanta atención. De modo similar, embora cun perfil máis profesional, destaca a creación textual participativa, isto é, “a elaboración de textos literarios con algún grao de colaboración colectiva” (Gómez Guinovart, 2011): Camilo Franco, por exemplo, escribiu en 1999 un relato diario durante cincuenta días a partir de dúas palabras enviadas polo público lector da plataforma dixital *Vieiros*, iniciativa que se converteu no primeiro libro dixital en galego (*Por conto alleo*), que máis tarde sería, igualmente, publicado en papel.

Tamén son certamente novidosos os exemplos de hiperficción ou de literatura hipermedia, en que se explotan as posibilidades do hipervínculo e do multimedia para construír relatos ou composicións sensitivas e fragmentadas que se interrelacionan a través de ligazóns que o lector pode percorrer seguindo distintas traxectorias. Destacan, por exemplo, as obras de Jaime Alejandro Rodríguez, *Gabriella Infinita* e *Golpe de Gracia*⁴, entre outras moitas. Os vistos até agora eríxense como xéneros colectivos en que a persoa que escribe e a que le xa non se encontran nos extremos da cadea literaria, senón que interaxen e se retroalimentan desde o inicio, participando ambos no proceso de creación literaria. Porén, tamén neste soporte sobresa a literatura individual, que encontra nos blogs un espazo de expresión inmejorable; en ocasións estas producións acaban por se compilar e por se publicar en formato papel, como aconteceu con *Anxos da Garda* de Anxos Sumai ou con *Alusións* de Arturo Casas, conxuntos de relatos creados nos seus respectivos espazos web a partir de reflexións persoais. Na opinión de Gómez Guinovart (2011), trátase habitualmente de “formas textuais de extensión reducida da microliteratura e da nanoliteratura”.

Neste sentido as mensaxes de texto primeiro e máis recentemente o Twitter conforman dous dos soportes creativos de maior impacto. A limitación de caracteres é entendida na esfera literaria como un desafío creativo e as redes sociais son a día de hoxe as plataformas máis prolíficas no que respecta á visibilidade literaria: encontramos literatura de creación orixinal en verso e en prosa, fragmentada ou completa, que pode ser partillada ou retuiteada en cuestión de segundos. De facto, existe xa un novo xénero hiperbreve coñecido como Twitteratura, en que os/as escritores/as crean no universo da instantaneidade e da suxerencia. Igualmente, nalgúns portais audiovisuais, cal *YouTube*, achamos novas formas de expresión literaria favorecidas polo

4 Véxase http://www.javeriana.edu.co/gabriella_infinita/ e <http://www.javeriana.edu.co/golpedegracia/>, respectivamente.

formato videográfico e polos elementos multimedia. Neste eido destacan os videopoemas, composicións en que o son, o vídeo e a imaxe fixa e en movemento se fusionan para crear unha poesía dinámica e multisensorial que envolve o público, que xa non é só lector, mais tamén espectador. Na poesía galega este é un xénero moi cultivado: María Lado, Lara Bacelo, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Andrea Nunes Brions son algunhas das autoras que apostaron por este formato nas súas creacións.

As manifestacións de linguaxe e textualidade electrónicas e de ciberliteratura apuntadas verifican o grande suceso de combinarmos a vertente cultural e a tecnolóxica e conforman un material novidoso nesta área ao que se debe prestar a debida atención, non só entanto que fenómeno en si, mais tamén pola súa enorme rendibilidade desde o punto de vista pedagóxico.

3. Conclusións

A intención das páxinas precedentes é a de incitarmos unha transformación metodolóxica na didáctica da lingua e da literatura nun contexto como o actual en que as TIC e a Internet se converteron nos espazos prioritarios de interacción e de aprendizaxe. A este respecto, xulgamos que a mudanza non debe limitarse aos medios (dixital vs papel), mais tamén aos procesos e aos contidos. Deste modo, será preciso aproveitar as vantaxes que o formato electrónico e multimedia nos ofrece para transmitir os coñecementos desde unha perspectiva interactiva, dinámica e máis acorde co novo perfil de alumnado a que nos enfrontamos. E, igualmente, virará necesario incorporarmos as novas formas de expresión que tanto na esfera lingüística como na literaria están a abrollar propiciadas polo propio soporte. Os conxugadores verbais, os lematizadores, a linguaxe SMS, o Twitter, o Fan-Fic ou os videopoemas constitúen máis unha novidade no marco das TIC e, para alén disto, permiten traballar con mostras literarias e lingüísticas reais e próximas ás prácticas vernáculas (lectura e escrita) que realiza o estudantado, en moitos casos protagonista na creación e no desenvolvemento dos novos códigos.

Non se trata, porén, de entendermos a Internet e as TIC como a panacea e de excluírmos todo o que até agora era válido, senón de buscarmos o equilibrio; para isto é preciso refutarmos o preconceito de que a modernidade en que se desenvolve o noso alumnado non alcanza a ler e moito menos a comprender e valorar os contidos lingüísticos e literarios propios dun mundo en branco e negro alleo aos formatos pdf, aos píxeles e aos megabytes (Queixas Zas, 2013); e igualmente, cómpre desbotarmos a idea de que os avances na informática constitúen un atranco ou unha distracción no seu proceso de aprendizaxe.

Ao contrario, debemos ser conscientes de que a realidade tecnolóxica, mais tamén a lingüística e a literaria obrigan a que o ensino se adapte renovando a súa metodoloxía e actualizando os seus materiais. En definitiva, a mudanza nas infraestruturas virou tamén unha transformación social que creou un estudantado con necesidades diferentes que demanda metodoloxías e aproximacións didácticas actualizadas e próximas á súa realidade. Será obriga do profesorado e das institucións educativas escoitar estas reivindicacións e levalas a cabo, porque só deste modo será posíbel formarmos o alumnado en consoancia cos novos tempos e coas necesidades actuais da sociedade e da cidadanía. Citando Cassany (2012: 20), estas prácticas contribuirán igualmente para que o profesorado de lingua non se sinta como un monxe medieval que escribe en latín cando na rúa falan romance.

Bibliografía

- BRAUNER, Josef / BICKMANN, Roland (1994): *La sociedad multimedia*, Barcelona, Gedisa.
- CASSANY, Daniel (2000): “De lo analógico a lo digital. El futuro de la enseñanza de la composición”, *Revista Latinoamericana de Lectura*, 21, pp. 2-11. Disponível en <http://goo.gl/no8NzT>. Consultado en 12/09/2013.
- CASSANY, Daniel (2012): *En línea. Leer y escribir en la red*, Barcelona, Anagrama.
- CASSANY, Daniel / HERNÁNDEZ, Denise (2011): “Internet: 1; Escola: 0?”. *Didáctica de la Lengua i de la Literatura*, 53, pp. 25-34.
- CASTRO, Teresa Sofia (2008): “Quando as Teclas Falam, as Palavras Calam. Estudo sobre a Utilização do Telemóvel e do Messenger por Crianças do 5º e 6º Ano do Distrito de Braga”, *Revista e-Curriculum*, Vol. 7, 1, pp. 1-21. Disponível en <http://goo.gl/D38ws7>. Consultado en 13/09/2013.
- CRYSTAL, David (2008): *Txtng: The Gr8 Db8*, Oxford, Oxford University Press.
- CRYSTAL, David (2011): *Internet Linguistics: a student guide*, Abingdon, Oxon, New York, Routledge.
- DOMÍNGUEZ CUESTA, Carmela (2005): “El lenguaje de los SMS y del chat en las aulas”, *Cuadernos de Pedagogía*, 343, pp. 65-69.
- ENRÍQUEZ, Rosa (2012): “Novas Tecnoloxías”, *Sermos Galiza* (21/06/2012). Disponível en <http://goo.gl/gNzWr2>. Consultado en 12/09/2013.
- ESCOBAR MARTÍNEZ, María Dolores (2010): *Literatura y Música. Un modelo didáctico de interpretación intertextual en educación secundaria*, Tese de doutoramento, Universidade de Murcia. Disponível en <http://goo.gl/Oczvcn>. Consultado en 12/09/2013.
- GÓMEZ GUINOVART, Xavier (2011): “A literatura dixital galega”, *Terra e Tempo* (09/10/2011). Disponível en <http://goo.gl/sGKgze>. Consultado en 16/09/2013.

- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2012): “Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS”, *LLJournal*, 7,1, New York.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013): *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos. A linguaxe SMS*, A Coruña, AS-PG.
- MOURA, Adelina / CARVALHO, Ana Amélia (2010): “Enquadramento teórico para a integración de tecnoloxías móbiles em contexto educativo”, in Fernando Costa (org.): *Actas do Encontro Internacional TIC e Educação I*, Lisboa, Instituto de Educação da Universidade de Lisboa, pp. 1001-1006. Disponível em <http://goo.gl/84xbp8>. Consultado en 12/09/2013.
- PRENSKY, Marc (2001): “Digital Native, Digital Inmigrants”, *On the Horizon*, 9, 5. Disponível em <http://goo.gl/4oYb>. Consultado en 12/09/2013.
- QUEIXAS ZAS, Mercedes (2013): “Rosalia, trending topic”, *Sermos Galiza* (22/02/2013). Disponível em <http://goo.gl/ySvH6Q>. Consultado en 12/09/2013.
- SOLER-ESPIAUBA, Dolores (2001): “Yo emilio, tú emilias... Todos emiliamos (El Correo Electrónico en el aula de E/LE)”, *ASELE. Actas XII*, pp. 73-84. Disponível em <http://goo.gl/H4wlPZ>. Consultado en 13/09/2013.
- TEIXEIRA, José (2003): “O Q É Q É + IMPORTTT N1 MSG? (Mensagens SMS e novos usos da escrita)”, *Diacrítica Série Ciências da Linguagem*, 17. Disponível em <http://repositorium.sdum.uminho.pt/bitstream/1822/4522/1/SMS%20-%20escrita.pdf>. Consultado en 26/05/2014.
- THURLOW, Crispin (2006): “From Statistical Panic to Moral Panic: The Metadiscursive Construction and Popular Exaggeration of New media Language in the Print Media”, *Journal of Computer-Mediated Communication*, 11. Disponível em <http://goo.gl/QRilXG>. Consultado en 13/09/2013.